

LIÑA DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO: Competencia comunicativa. Programas de plurilingüismo e internacionalización.

Folla de OBSERVACIÓN FOCALIZADA

Mestra observadora: M^a Pilar Iglesias Gómez

Mestre observado: Norberto Blanco Dorrío

Curso e área: 1º E. Primaria, ciencias naturais.

Data e hora: 01 marzo 2023. // 09:00 – 09:45

DOCENTE OBSERVADO	COMENTARIOS
É puntual no inicio da sesión?	Si, é o mestre-titor e xa está na aula.
Emprega a lingua galega como lingua vehicular na aula?	Si, a lingua galega é a lingua de uso vehicular na área de ciencias naturais.
Ten o material necesario para a sesión?	Si, ten preparado con anterioridade todo o material preciso para a gravación da curta do conto.

É preciso no uso do vocabulario?	Ten que selo, os nenos/as de 1º E. Primaria precisan explicacións claras do vocabulario sobre gravacións audiovisuais.
Da instrucións claras aos alumnos/as?	Moi claras, cada un deles/as sabe cal é o seu papel na curta e os movementos que precisan as personaxes que teñen asignadas.

ORGANIZACIÓN DA AULA	
Nº de alumnos/as	9
Espazos definidos na aula	O espazo de gravación está situado no fondo da aula, no recuncho asociado aos contos en lingua galega, e neste caso o paso á curta.
Materiais adicionais aos ordinarios da aula	Cámara de gravación, luces especiais, monicreques de plastilina elaborados previamente polos nenos/as, guías de madeira para o desprazamento dos monicreques.
Situación do mestre con respecto aos alumnos/as	Diante do espazo de gravación e detrás da cámara para guiar o desenvolvemento da actividade e axudalos na dicción.

OBSERVACIÓN AO INICIO DA SESIÓN	
Presenta aos alumnos/as á mestra observadora?	Unha pequena introdución, xa me coñecen da observación holística.
Activa os coñecementos previos do alumnado?	Si, fai un recordatorio moi preciso do conto e das escenas que xa gravaron.
Presenta os materiais a usar na sesión?	Os que aparecen por primeira vez, os que xa usaron non os nomea de xeito especial.
Explica de xeito claro as tarefas a desenvolver na sesión?	Si, déixalles claro a todos/as como clase a tarefa grupal desa sesión e, de xeito individual a da cada un deles/as.

OBSERVACIÓN DURANTE A SESIÓN	COMENTARIOS
O mestre emprega a lingua galega en toda a sesión?	Si, durante toda a sesión e en toda circunstancia.
Que lingua empregan os alumnos/as de xeito natural?	Lingua castelá, son castelán falantes.
Que lingua empregan os alumnos/as no desenvolvemento da actividade?	Lingua galega, os nenos/as teñen clara cal é a lingua de comunicación no conto e o paso á curta.
É precisa a repetición de palabras ou frases a ritmo máis lento?	Nas frases máis longas ten que repetir para que os alumnos/as sexan quen de interiorizar o ritmo e a entoación precisos.
As instrucións dadas polo mestre son sinxelas e precisas?	Si, moi sinxelas e curtas, de pouco en pouco para que non mesturen tarefas.
O mestre actúa a xeito de guía?	É guía fundamental da tarefa final, os alumnos/as seguen o proceso de creación pero non son autónomos na creación da curta.
Cal é o rol do alumno/a na actividade?	Un rol moi activo, os alumnos/as son os protagonistas na elaboración dos monicreques, na lectura do conto, en darlle “vida” ás personaxes, no proceso de creación audiovisual.
As actividades propostas son produtivas?	Desde o punto de vista comunicativo, resulta moi produtivo. Ao non ser galego falantes, a creación da curta supón un aliciente para a escoita e a fala en lingua galega, interiorizando a cadencia da mesma e véndoa como canle comunicativa.

Algúns dos materiais empregados foron xerados con anterioridade?	Todos os materiais son novos e preparados con anterioridade para a gravación da curta sobre o medio mariño.
Os tempos dados para as tarefas foron suficientes?	Ao inicio da sesión parecían curtos por ter que repetir as secuencias varias veces, pero unha vez que colleron ritmo, gravaron en tempo as esceas que o mestre programara para esa sesión.
Úsanse medidas de atención á diversidade?	Hai dous alumnos con déficit de atención para os que o mestre asignou o rol que lles viña mellor, ao seu entender ,e os situou no lugar máis axeitado para os tempos de espera.
O alumno/a síntese motivado polos recursos dixitais empregados?	Moito, para eles/as é uha experiencia rodar unha curta e fan da lingua galega a canle para contar a historia, dándolle un lugar prioritario como sistema comunicativo.
As ferramentas audiovisuais serven para construír a propia aprendizaxe do alumnado e fomenta unha actitude colaborativa?	Na miña observación quedou claro que cada paso na creación audiovisual supón un chanzo máis, e non pequeno, na aprendizaxe autónoma, de respecto e colaboración entre nenos/as de 1º E. Primaria.

OUTROS COMENTARIOS. EXEMPLOS

Observei de forma moi satisfactoria como respectaban os tempos de espera entre gravación, os tempos de silencio para gravar aos compañeiros/as, como se deixaban guiar polo mestre no que recoñecían o saber sobre gravacións audiovisuais.

Aínda que a súa lingua comunicativa é o castelán, resultoume significativo que cando tiñan que preguntar sobre as personaxes, asumían o rol en galego. Por exemplo: Profe, mi peixe dice, que ondas máis grandes e azuis!

Observar o sorriso de satisfacción ao remate da escena adxudicada fai desta sesión a mellor experiencia.